



ESPECIALIDADE CANTO

CONCERTO FIN DE CARREIRA

- A duración do programa presentado deberá ser de polo menos 60 minutos.
- O programa de concerto deberá estar confeccionado segundo algún dos seguintes criterios:
 1. no caso da elección por parte do alumno dun programa centrado nun único xénero (Lied, ópera, oratorio, zarzuela) este deberá abarcar varios estilos e épocas.
 2. no caso da elección por parte do alumno dun programa centrado nun único estilo ou época, este deberá abarcar varios xéneros (Lied, ópera, oratorio, zarzuela...)
 3. poderá confeccionarse un programa mixto de xéneros, estilos e épocas.
- Non se admitirán números de conxunto (Dúos, tercetos, etc)
- No caso de que o alumno decida presentarse cun grupo instrumental, deberá presentar os seus propios acompañantes
- Se o alumno require dalgún dos profesores da especialidade correspondente, a través da xefatura de departamento respectiva, orientación sobre a preparación e o desenvolvemento do concerto, deberá achegar á solicitude da titoría o programa de concerto e unha defensa escrita dos criterios que rexen a elección do mesmo con polo menos dous meses de antelación á posible data do concerto, para a valoración de este.
- O alumno deberá facilitar as copias das partituras correspondentes ao seu programa coa suficiente antelación.
- Os aspirantes que queiran preparar o concerto cos pianistas acompañantes do centro, terán que facilitarlles as partituras e comunicarlles o repertorio cunha antelación de tres meses respecto de a data do concerto. Os ensaios comezarán un mes antes da data do concerto.
- Será obrigatorio cantar de memoria, salvo nas obras de Oratorio.